

AS HISTORIAS DE BLUE



Blue non entende o que pasa

ESTA MAÑÁ ESPERTEI COMO
TÓDOLOS DÍAS PERO TODO
ESTABA MOI RARO.

NON HABÍA COLEXIO!

ENTÓN PREGUNTEI SE ERA
SÁBADO?

-NON BLUE, HOXE NON HAI
COLEXIO POIS HAI UN VIRUS E
MELLOR É QUEDAR NA CASA-
DIXÉRONME



**ENTÓN EXPLICÁRONME O DO
VIRUS ESE.**

**ESE VIRUS DE NOME TAN
RARO.**

**-CORTAPINO OU CORNOLINDO,
ALGO ASÍ.**





FIXEN AS COUSAS DE
TÓDOLOS DÍAS E AO REMATAR
PÚXENME A MIRAR POLA
FIESTRA POR SI VEÍA A ALGÚN
NENO OU NENA IR AO
COLEXIO.

**-ERA VERDADE! NA RUA NON
HABÍA CASE XENTE.**

-E...AGORA QUE FAGO?

**ENTÓN PASEINO MOI BEN COS
CONTOS,
XOGUETES,
CONSTRUCCIÓN...**





ATA TIVEN TEMPO PARA FACER ALGUNHA TRASNADA DAS MIÑAS.

**PERO SIGO SEN ENTENDER POR QUE NON PODO VER AOS MEUS
AMIGOS DO COLEXIO .**

**PARECE QUE TODO ESTÁ AO REVÉS, QUIZÁS SE DOU A VOLTA
VEREINO DO DEREITO.**